

# UN SACO DE BOLAS

[Christian Duguay, 2017]

# 321

**ESTREA EN NUMAX:** 29.12.2017 | V.O.S.G. | +12

*Un sac de billes* (2017, 110')

**Dirección:** Christian Duguay

**Guión:** Jonathan Allouche, Christian Duguay,

Alexandra Geismar, Benoît Guichard (Novela: Joseph Joffo)

**Elenco:** Dorian Le Clech, Batyste Fleurial, Patrick Bruel,

Elsa Zylberstein, Christian Clavier, César Domboy, Ilian Bergala

**Son:** Michel B. Bordeleau, Emmanuel

Hachette, François Joseph Hors

**Montaxe:** Olivier Gajan

**Fotografía:** Christophe Graillot

**Vestuario:** Pierre-Jean Larroque

**Dirección de arte:** Cécile Arlet Colin

**Música:** Armand Amar

**Produtoras:** Quad Productions, Main Journey, Forecast

Pictures, Gaumont, Okko Productions (Francia)

**Distribuidora:** A Contracorriente Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés, alemán, yiddish, ruso

## PREMIOS E FESTIVAIS

Philadelphia Jewish Film Festival  
2017 (Premio del público), Premio  
Educacine (BCN FILM FEST 2017)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Belle And Sebastian: The Adventure  
Continues*, 2015

*Jappeloup. De padre a hijo*, 2013

*Coco Chanel*, 2008

*Riesgo extremo*, 2002

*El arte de la guerra*, 2000

*Caza al terrorista*, 1997

*Asesinos cibernéticos*, 1995

## SINOPSE

Durante a ocupación nazi en Francia, Maurice e Joseph son dous irmáns xudeus que deben abandonar a súa familia para se salvar. Facendo mostra dunha grande astucia, coraxe e enxeño para sortear os invasores inimigos, tentarán reunir a toda a súa familia de novo na zona libre do sur de Francia.

«Destacada crónica do heroísmo cotiá de dous nenos con inquebrantábel vontade por se aferrar á vida.»

José Felipe Coria,  
DIARIO EL UNIVERSAL

**Filme subtulado ao galego** por NUMAX

grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



## “O mito do pai está presente en todos os meus filmes”

Entrevista con Christian Duguay

**Como empezou esta aventura para vostede?** Por primeiro, tiven un encontro moi agradábel con Nicolas Duval, Laurent Zeitoun e Yann Zenou de Quad, queríanme ver porque lles encantara *Jappeloup. De padre a hijo* (2013). Aos tres apaixonalles o cinema e coñecen as complexas engrenaxes deste oficio. Faime feliz atopar xente que teña reflexionado profundamente o que vai desde a escrita do guión até a rodaxe. Cando me preguntaron se coñecía *Una bolsa de canicas*, de Joseph Joffo, tiven que admitir que xamais lera o libro. A verdade é que este é pouco coñecido en Quebec. Ao descubriilo impactoume a teimosía, a convicción e a forza desta historia chea de esperanza. Unha epopea luminosa narrada desde o punto de vista dos nenos, sobre o mundo que os rodea e sobre a maneira en que a realidade os atrapa. A historia é de grande envergadura, mais sobre todo tan desafortunadamente universal que se fai imposible non ver nela a realidade reflectida, o sufrimento e, si, ás veces os intreos felices das xentes que se desprazan actualmente polo globo.

**Como foi o seu encontro con Joseph Joffo?** Con Joseph falamos sobre todo de seu pai e aí comprendín o que hai nas entrañas do libro. A obra converteuse

no meu libro de cabeceira ao falar con Joseph e detectar un nexo de unión entre el e o meu cinema; o mito do pai está presente en todas as miñas películas. A figura paterna, para min, é de natureza divina, achega seguridade. Pola contra, no libro evócase o pai mais non resulta a columna vertebral do relato.

**En que dirección pensaba orientar a adaptación?** O libro está en primeira persoa, mais escribiuse trinta anos após dos feitos. Pola contra, o filme expón constantemente o punto de vista dun neno sen a perspectiva do narrador do libro. Trátase dun relato iniciático no curso do cal os rapaces experimentan acontecementos tan increíbles que cando Jo retorna a París, case dous anos máis tarde, xa non é o mesmo.

**Explíqueme a escrita do guión.** Lin o libro e quixen partir de cero ao escribir o guión. Atopei inmediatamente como abordalo e recorrín a un guionista francés que vive en Quebec, Benoît Guichard, co que coescribín con gran rapidez e naturalidade a varios dos meus proxectos e a secuenciación do filme. Desde aquel intre, tivo que montarse un equipo. Laurent Sivot, o director de produción, intercede para que coñecese o deseñador de produción Franck Schwartz e a primeira axudante de dirección Laure Prévost.

Se o filme é unha realidade é grazas ao concurso de toda esta xente que me seguiu e que nunca se viu abaixo ante a presión. Tiñamos a trama do filme, Benoît estaba ao meu carón,

escribiamos ao tempo que se buscaban as localizacións e o reparto e se activaban os preparativos, unha aventura que se revelaba ardua. Era necesario identificar os lugares máis importantes dos nenos, nun contexto histórico preciso ao tempo que había que pegarse á narración do libro. Por exemplo, o Paseo dos Ingleses, culminación da traxectoria dos nosos dous mozos protagonistas. Xamais o podería ter escrito sen ser testemuña de canto se construía entre os dous nenos.

**Vostede coñece a época dado que realizou un filme sobre Hitler. Porén, foi necesario documentarse máis sobre o período?** Efectivamente, fixen un enorme traballo sobre Hitler e o reinado do mal, coñecía o contexto político mais fascinábame a ocupación alemá en Francia. Abraíábame o machismo político e o reparto entre os que baixan a cabeza e os que se revelan. Tal como eu entendo, era preciso sentir a Historia a través dos escenarios. Por exemplo, na parte de Niza, cando vemos os italianos abandonar Francia precipitadamente, comprendemos que os Aliados desembarcaron. Son este tipo de detalles os que nos permiten non ser moi explicativos. Unha vez máis, é a universalidade desta historia a que conmoveu tanto o mundo desde a aparición do libro. Víronse tantos filmes desta época que o que hoxe conta é a idoneidade das emocións, as mesmas que hoxe en día por máis que o decorado mude.

Publicado en [www.acontracorrientefilms.com/](http://www.acontracorrientefilms.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Un saco de canicas*, Joseph Joffo.  
Debolsillo, 2017

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



**Abónatete  
e ven sempre  
por 4,5€**

**Faite  
NUMAX!**